

## ORGANIZACIÓN DOCENTE DOS TÍTULOS DE GRAO

Tal como se acordou en decembro de 2006, despois de se aprobar a Normativa para a elaboración e modificación da RPT, o recoñecemento da actividade investigadora e a actualización do recoñecemento de actividades de xestión, quedaba por incluír a organización docente dos graos e a revisión dos criterios de distribución dos grupos de docencia para adaptalos ao EEES. Xa que aínda non está aprobado o estatuto do PDI, nin o novo plano de financiamento do sistema universitario galego, terase que abordar esta etapa no marco do actual decreto de profesorado, que establece 240 horas de docencia e 260 de titorías anuais, e contar cos recursos previstos no actual plano de financiamento.

Establécense tres tipos de actividades con grupos de estudantes de tamaño diferente: docencia expositiva en grupos de 60 a 80 estudantes; seminarios, debates e prácticas en grupos de 20 estudantes e titorización en grupos reducidos de 10 estudantes. As actividades de titorización individuais pódense aproveitar para o seguimento do traballo personalizado do estudantado.

Este modelo é o que se implantou no curso 2008/2009 nos graos de Terapia Ocupacional e Socioloxía (esquema 1). Nas reunións mantidas cos equipos directivos destes centros, detectáronse dificultades para a súa implantación, motivadas entre outras razóns pola falta de espazos e pola elaboración dos horarios. Estas dificultades poden verse agrandadas nos centros con maior número de estudantes de 1ª matrícula. Deste xeito, para os centros que non dispoñan das instalacións nin dos recursos suficientes para implantar este modelo, propónse que a súa implantación se faga en dúas etapas; na primeira delas limitaríanse as actividades presenciais á docencia expositiva en grupo de 60 a 80; seminarios, debates e prácticas en grupos de 20 estudantes, deixando as actividades titoriais no formato actual e incluíndo a súa programación na guía docente da materia (esquema 2).

O número de horas presenciais por crédito ECTS será entre 7 e 9 horas, utilizando 9 horas para o tipo de actividades presenciais que implique menor traballo posterior por parte do estudantado.

No caso do esquema 2 (grupos de 60 a 80 estudantes e grupos de 20 estudantes), a distribución das horas de docencia presencial entre os dous tipos de grupos será, para calquera deles, dun mínimo do 40% e dun máximo do 60% das que correspondan ao número de créditos ECTS.

As 260 horas anuais de titoría individualizada deberán utilizarse fundamentalmente para seguir o traballo non presencial do estudante.

Referente ao proxecto fin de grao, utilizarase como referencia o establecido actualmente na UDC para os proxectos fin de carreira, cun cómputo de 10 horas presenciais do profesorado por cada 3 proxectos dirixidos.

Para a elaboración do Plano de Organización Docente os centros establecerán as áreas de coñecemento/departamento por orde de preferencia aos que se deba encargar a docencia. Concretamente deberá incluírse en todas as materias un número de áreas de coñecemento non inferior ás que estaban adscritas as materias equivalentes nos actuais planos de estudo seguindo o cadro establecido na memoria do grao para as validacións. As preferencias manifestadas polo centro serán respectadas para o encargo de docencia en función dos recursos dispoñibles entre áreas de coñecemento afíns. En caso de modificación do encargo de docencia ou necesidades de novo profesorado, deberá ser consultado o centro así como comprobar os recursos existentes na UDC antes de propor a realización de novos concursos de contratación.

Os centros, con carácter previo á elaboración do Plano de Organización Docente de cada departamento, deberán establecer os horarios de docencia tanto expositiva, como interactiva e de titorización en grupos reducidos que corresponden ás distintas titulacións do centro.

Esquema 1. Para as titulacións que utilicen este esquema, cómputo en horas do profesorado e do estudiantado para unha materia de 6 créditos ETCS e un grupo de 60 ou 80 estudantes.

Actividade / Módulo de alumnadoA	60 alumnos/as	80 alumnos/as
A Docencia expositiva en grupos de 60 alumnos/as.	21	21
B Seminarios, debates, prácticas en grupos de 20 alumnos/as	14	14
C Titoría en grupos reducidos de 10 alumnos/as	7	7
Actividades autónomas do alumnado	108	108
Total horas alumnado	150	150
Alumnos e grupos docentes	60 alumnos/as	80 alumnos/as
Número de alumnos/as	60	80
Grupos A (60)	1	1
Grupos B (20)	3	4
Grupos C (10)	6	8
Horas de profesorado	60 alumnos/as	80
Horas A	21	21
Horas B	42	56
Horas C	42	56
<i>Subtotal ABC</i>	<i>105</i>	<i>133</i>
Horas D. Outras actividades do profesor: titorías personalizadas, avaliación etc. Aproximadamente 30 horas + 1 hora por alumno/a.	90	□110□
Horas totais	195	243

Con este esquema un profesor a tempo completo podería encargarse de dúas materias de 6 créditos ETCS para un grupo de 60 estudantes e colaborar na dirección de proxectos de fin de grao.

Esquema 2. Para as titulacións que utilicen este esquema, cómputo en horas do profesorado e do estudiantado para unha materia de 6 créditos ETCS e un grupo de 60 ou 80 estudantes.

Actividade / Módulo de alumnado	60 alumnos/as	80 alumnos/as
A. Docencia expositiva en grupos de 60 alumnos.	21	21
B. Seminarios, debates, prácticas en grupos de 20 alumnos/as (*)	21	21
Actividades autónomas do alumnado	108	108
Total horas alumnado	150	150
Alumnado e grupos docentes	60 alumnos/as	80 alumnos/as
Número de alumnos/as	60	80
Grupos A (60)	1	1
Grupos B (20)	3	4
Horas de profesorado	60 alumnos/as	80 alumnos/as
Horas A	21	21
Horas B	63	84
<i>Subtotal AB</i>	<i>84</i>	<i>105</i>
Horas D. Titorías individualizadas ou en grupos moi reducidos no despacho do profesor. Aproximadamente 30 horas + 1 hora por alumno/a.	90	□110
Horas totais	174	215

(\*)Poderá haber grupos de prácticas de laboratorio con menor número de estudantes se así o requiren as medidas de seguridade ou normativas específicas.

Con este esquema, un profesor a tempo completo (220 horas de clase e 260 de titoría) podería encargarse de dúas materias de 6 créditos para un grupo de 60 estudantes (168 horas de clase e 180 de titoría) e colaborar nunha terceira materia ou na dirección de proxectos de fin de grao.